Falan de okupacións, que medidas tomou a Xunta de Galicia ó respecto? Tomou algunha, eu non se si vostede a coñece. Sabe que vostede pode ter acceso a unha ferramenta que puxo a Xunta de Galicia a disposición da poboación? Puxo un teléfono de contacto para denunciar as okupacións. Fontes oficiais, señor Lorenzo. Sabe cantas chamadas recibiu o número habilitado pola Xunta de Galicia polas okupacións? Datos do ano 2022, trinta chamadas. Trinta persoas ou trinta propietarios son importantes, sen dúbida ningunha, pero pondere vostede e poden pasar dúas cousas: unha, que haxa mais situacións, que non teño ningunha dúbida de que hai algunha mais que trinta, ou dúas, que os mecanismos que pon a Xunta non sirvan nin para contabilizar as denuncias de okupación. É dicir, xa non é que non constrúan vivenda de promoción pública, xa non é que non puxeran un só piso en aluguer social nesta cidade a disposición dos coruñeses e das coruñesas, é que as ferramentas que pon a Xunta de Galicia tampouco son útiles nin para denunciar este tipo de situacións. Porque vostede coincidirá comigo que a propia estatística da Xunta a vostede, con perdón, o deixa co culo ó aire, e é metafórico. Trinta chamadas no último ano para denunciar okupacións en toda Galicia, en toda Galicia, **(óese un sinal acústico indicativo do finalización do tempo de intervención)** en toda Galicia.

social. Y ustedes, que primero hablaron del felipismo y después del zapaterismo y ahora del sanchismo, que en definitiva lo que les molesta, lo que les molesta, es que a la mayoría de la población le vaya bien, y eso es lo que hizo el socialismo en España, que a la mayoría le pueda ir bien con muchas decisiones que hemos tomado, pues lo que hay que hacer es balance.

*Hablan de okupaciones, ¿qué medidas tomó la Xunta de Galicia al respecto? Tomó alguna, yo no sé si usted la conoce. ¿Sabe que usted puede tener acceso a una herramienta que puso la Xunta de Galicia a disposición de la población? Puso un teléfono de contacto para denunciar las okupaciones. Fuentes oficiales, señor Lorenzo. ¿Sabe cuántas llamadas recibió el número habilitado por la Xunta de Galicia por las okupaciones? Datos del año 2022, treinta llamadas. Treinta personas o treinta propietarios son importantes, sin duda ninguna, pero pondere usted y pueden pasar dos cosas: una, que haya más situaciones, que no tengo ninguna duda de que hay alguna más que treinta, o dos, que los mecanismos que pone la Xunta no sirvan ni para contabilizar las denuncias de okupación. Es decir, ya no es que no construyan vivienda de promoción pública, ya no es que no pusieran un solo piso en alquiler social en esta ciudad a disposición de los coruñeses y de las coruñesas, es que las herramientas que pone la Xunta de Galicia tampoco son útiles ni para denunciar este tipo de situaciones. Porque usted coincidirá conmigo que la propia estadística de la Xunta a usted, con perdón, lo deja con el culo al aire, y es metafórico. Treinta llamadas en el último año para denunciar okupaciones en toda Galicia, en toda Galicia, **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** en toda Galicia.*



Polo tanto, eu, pois a verdade é que me da bastante pena que o nivel deste tipo de debates se restrinja a intentar alimentar baixas paixóns e, en fin, creo que o día que queiran falar en serio dos problemas de vivenda habrá oportunidade. Eu creo que agora pois están noutro momento e habrá que deixar que pasen o momento. Eu, sinceramente señor Lorenzo, hoxe quero desexarlle longa vida como xefe do Partido Popular na Coruña e como presidente porque creo que non debo de despistalo no camiño que vostede colleu. Creo que debe de seguir por ese camiño e xa lle digo, espero que teña a ben corrixir, polo ben do diálogo, pero desde logo con intervencións como as que tivo hoxe creo que está un pouco fóra da realidade. Fíxese que ata podería facer algunha brincadeira do tema de que vostede ve que se afunde o barco do Partido Popular, pero hasta non creo que sexa bo iso, hasta non creo que sexa bo iso, hasta creo que, creo que é bo que o manteñan a flote.

Nada mais.

Presidencia

Moitas grazas.

Remata o debate desta moción. Procedemos á votación da mesma.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular en defensa das vítimas das okupacións, producíndose o seguinte resultado:

Por lo tanto, yo, pues la verdad es que me da bastante pena que el nivel de este tipo de debates se restrinja a intentar alimentar bajas pasiones y, en fin, creo que el día que quieran hablar en serio de los problemas de vivienda habrá oportunidad. Yo creo que ahora pues están en otro momento y habrá que dejar que pasen el momento. Yo, sinceramente señor Lorenzo, hoy quiero desearle larga vida como jefe del Partido Popular en A Coruña y como presidente porque creo que no debo de despistarlo en el camino que usted cogió. Creo que debe de seguir por ese camino y ya le digo, espero que tenga a bien corregir, por el bien del diálogo, pero desde luego con intervenciones como las que tuvo hoy creo que está un poco fuera de la realidad. Fíjese que hasta podría hacer alguna broma con el tema de que usted ve que se hunde el barco del Partido Popular, pero hasta no creo que sea bueno eso, hasta no creo que sea bueno eso, hasta creo que, creo que es bueno que lo mantengan la flote.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias.

Finaliza el debate de esta moción. Procedemos a la votación de la misma.

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular en defensa de las víctimas de las okupaciones, produciéndose el siguiente resultado:



Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto).

Abstense a concelleira non adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Se abstiene la concejala no adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Abstense a concelleira non adscrita D.^a Susana Soneira Lema (1 abstención).

Se abstiene la concejala no adscrita D.^a Susana Soneira Lema (1 abstención).

Presidencia

Queda rexeitada.

Presidencia

Queda rechazada.

3º. Preguntas de resposta oral.

3º. Preguntas de respuesta oral.

Presidencia

Remata o debate das mocións. Pasamos xa... Poden saír os concelleiros que o desexen. Pasamos xa ás preguntas de control ao Goberno.

Presidencia

Finaliza el debate de las mociones. Pasamos ya... Pueden salir los concejales que lo deseen. Pasamos ya a las preguntas de control al Gobierno.

Se quere saír alguén máis... Non? Si?

Si quiere salir alguien más... ¿No? ¿Sí?

Ás dezaseis horas e trinta e seis minutos saen do Salón de Sesións as señoras Soneira Lema e Faraldo Calvo, e o señor Martínez Durán.

A las dieciséis horas y treinta y seis minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Soneira Lema y Faraldo Calvo, y el señor Martínez Durán.

Ben, comeza o Bloque Nacionalista Galego. Señora Veira, primeira das preguntas.

Bien, comienza el Bloque Nacionalista Galego. Señora Veira, primera de las preguntas.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL



PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeira. Pregunta de resposta oral sobre vivenda.

Señora Veira González

Sabe xa o Goberno local cantos pisos da SAREB se van incorporar ao parque de vivendas municipal?

Señor Díaz Gallego

Non, polo momento non temos o dato remitido pola propia SAREB. Como saben, xa se solicitou, tanto por parte da alcaldesa como pola miña parte como concelleiro de Vivenda.

Señora Veira González

Preguntámoslles isto, obviamente, porque como a Pedro Sánchez —ou “Bruce Sprinter” para os amigos— recentemente se lle deu por inventar a roda e poñer ao dispor dos concellos as vivendas da SAREB para incorporalas ao parque público e ofrecerlas en réxime de aluguer —iso si, mercándoas—, e perdoen, pero o de roda non é un chiste co nome do presidente do Goberno galego, que recentemente dixo que non desenvolveran antes unha política de promoción de vivenda pública porque non detectaran antes que houbo un problema de acceso á vivenda. Como diría o señor Rodríguez algunha vez, que oportunidade para quedar calado.

Pero miren, lonxe de electoralismos, desde o BNG levamos todo o mandato reclamando e traendo iniciativas a Pleno en materia de vivenda, que implicaban ademais ao Goberno do Estado. No primeiro Pleno ordinario xa reclamamos

PRESENTADA POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primera. Pregunta de respuesta oral sobre vivienda.

Señora Veira González

¿Sabe ya el Gobierno local cuantos pisos de la SAREB se van a incorporar al parque de viviendas municipal?

Señor Díaz Gallego

No, por el momento no tenemos el dato remitido por la propia SAREB. Como saben, ya se solicitó, tanto por parte de la alcaldesa como por mi parte como concejal de Vivienda.

Señora Veira González

Les preguntamos esto, obviamente, porque como a Pedro Sánchez —o “Bruce Sprinter” para los amigos— recientemente se le dio por inventar la rueda y poner a disposición de los ayuntamientos las viviendas de la SAREB para incorporarlas al parque público y ofrecerlas en régimen de alquiler —eso sí, comprándolas—, y perdonen, pero lo de rueda no es un chiste con el nombre del presidente del Gobierno gallego, que recientemente dijo que no habían desarrollado antes una política de promoción de vivienda pública porque no habían detectado antes que hubiese un problema de acceso a la vivienda. Como diría el señor Rodríguez alguna vez, qué oportunidad para quedarse callado.

Pero miren, lejos de electoralismos, desde el BNG llevamos todo el mandato reclamando y trayendo iniciativas a Pleno en materia de vivienda, que implicaban además al Gobierno del Estado. En el primer Pleno ordinario ya reclamamos que el Gobierno local negociara con el Estado



que o Goberno local negociase co Estado para que non se vendesen tres vivendas da Tesourería Xeral da Seguridade Social na Torre dos Mariñeiros. Propuxemos medidas para poñer en marcha desde EMVSA: bolsa de vivendas, asesoramento legal a quen quixese alugar... Acordouse, por unha moción do BNG, a reclamación de que se incorporasen os pisos da SAREB ao parque de vivendas municipais para ofrecelos en aluguer e a nós non nos entraron as ansias agora, sempre fomos conscientes de que o problema da vivenda era un problema de primeira orde na nosa cidade, pero a este Goberno local faltoulle firmeza, xa non de falar, efectivamente, durante os plenos, da ausencia de política de vivenda por parte da Xunta de Galiza —que iso si, e compartímolo—, senón de quen ten propiedades na cidade susceptíbeis de seren empregadas para aumentar o parque público de vivendas

No que ten que ver coa SAREB, para comezar, nin se saben as propiedades que ten esta sociedade na Coruña. A vacilación da SAREB para co Goberno municipal foi constante, por parte dun ente que ademais é maioritariamente público, pero é que o mesmo aconteceu con ese anuncio de Pedro Sánchez de que as propiedades de Defensa tamén servirían para desenvolver vivendas para aluguer —cousa que logo, obviamente, Defensa descartou—. Que sorpresa! Quen o esperaría? As risas desde A Coruña, onde coñecemos ben o proceder de Defensa, SA, deberon escoitarse na Carreira de San Gerónimo.

O Goberno local debera de ser firme e rotundo demandando que todas as propiedades do Estado na cidade que sexan susceptíbeis de seren útiles para resolver a escaseza de vivendas públicas

para que no se vendieran tres vivendas de la Tesorería General de la Seguridad Social en la Torre de los Marineros. Propusimos medidas para poner en marcha desde EMVSA: bolsa de viviendas, asesoramiento legal a quién quisiera alquilar... Se acordó, por una moción del BNG, la reclamación de que se incorporaran los pisos de la SAREB al parque de viviendas municipales para ofrecerlos en alquiler y a nosotros no nos entraron las ansias ahora, siempre fuimos conscientes de que el problema de la vivienda era un problema de primer orden en nuestra ciudad, pero a este Gobierno local le faltó firmeza, ya no de hablar, efectivamente, durante los plenos, de la ausencia de política de vivienda por parte de la Xunta de Galicia —que eso sí, y lo compartimos—, sino de quién tiene propiedades en la ciudad susceptibles de ser empleadas para aumentar el parque público de viviendas

En lo que se refiere a la SAREB, para comenzar, ni se saben las propiedades que tiene esta sociedad en A Coruña. La vacilación de la SAREB para con el Gobierno municipal fue constante, por parte de un ente que además es mayoritariamente público, pero es que lo mismo ocurrió con ese anuncio de Pedro Sánchez de que las propiedades de Defensa también servirían para desarrollar viviendas para alquiler —cosa que luego, obviamente, Defensa descartó—. ¡Qué sorpresa! ¿Quién lo esperaría? Las risas desde A Coruña, donde conocemos bien el proceder de Defensa, SA, debieron escucharse en la Carrera de San Gerónimo.

El Gobierno local debería ser firme y rotundo demandando que todas las propiedades del Estado en la ciudad que sean susceptibles de ser útiles para resolver la escasez de viviendas públicas en la ciudad en régimen de alquiler,



na cidade en réxime de aluguer, debера ser, pois iso, unha prioridade do Goberno. É o que cómpre agora mesmo: que o Estado corresponda e que se deixe de anuncios.

Señor Díaz Gallego

Si. Pois como dicía, señora Veira, estamos á espera da cifra oficial, tras o anuncio do presidente do Goberno. Si temos, como xa trasladamos algunha vez, o número de vivendas que se nos ofrecera ata o de agora, que si que eran tres únicas vivendas, das cales ademais tamén comentamos que só unha cumpría coas normas mínimas de habitabilidade. E iso o sabemos, ademais, porque si que estivemos traballando con eles e coñecemos esas vivendas, e si que preparamos o informe sobre elas. En todo, caso si sabemos tamén que a SAREB ten máis propiedades no Concello, que esperemos que sexan as que se oferten agora, e que se nos conteste a estas comunicacións que temos remitido con ese número de vivendas. Dito o cal, eu creo que tamén temos que facer algunha puntualización, non?

Ás dezaseis horas e corenta e un minutos entran no Salón de Sesións as señoras Faraldo Calvo e Soneira Lema.

Aclarar que non só hai vivendas... Todas as vivendas que ten SAREB, non son todas de titularidade da SAREB, senón que pode ser que sexan vivendas das cales a SAREB ten o crédito coas que foron construídas, o cal non está executado —ese crédito—, e non dispoñen delas. O digo porque a veces se vai aos barrios dicindo que os bloques de vivendas son da SAREB, cando realmente non o son. Son ao mellor un crédito que ten a SAREB que aínda non executou.

debiera ser, pues eso, una prioridad del Gobierno. Es lo que hace falta ahora mismo: que el Estado corresponda y que se deje de anuncios.

Señor Díaz Gallego

Sí. Pues como decía, señora Veira, estamos a la espera de la cifra oficial, tras el anuncio del presidente del Gobierno. Si tenemos, como ya trasladamos alguna vez, el número de viviendas que se nos había ofrecido hasta ahora, que sí que eran tres únicas viviendas, de las cuales además también hemos comentado que solo una cumplía con las normas mínimas de habitabilidad. Y eso lo sabemos, además, porque sí que estuvimos trabajando con ellos y conocemos esas viviendas, y sí que preparamos el informe sobre ellas. En todo caso, sí sabemos también que la SAREB tiene más propiedades en el Ayuntamiento, que esperemos que sean las que se oferten ahora, y que se nos conteste a estas comunicaciones que hemos remitido con ese número de viviendas. Dicho lo cual, yo creo que también tenemos que hacer alguna puntualización ¿no?

A las dieciséis horas y cuarenta y un minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Faraldo Calvo y Soneira Lema.

Aclarar que no solo hay viviendas... Todas las viviendas que tiene SAREB, no son todas de titularidad de la SAREB, sino que puede ser que sean viviendas de las cuales la SAREB tiene el crédito con las que fueron construidas, el cual no está ejecutado —ese crédito—, y no disponen de ellas. Lo digo porque a veces se va a los barrios diciendo que los bloques de viviendas son de la SAREB, cuando realmente no lo son. Son a lo mejor un crédito que tiene la SAREB que aún no ejecutó.



En todo caso, tamén comentar que me parece chamativo que se fale agora das vivendas, das propiedades, de Defensa; que se negue que poidan existir propiedades de Defensa suxeitas a esta proposta que anunciou o presidente do Goberno na cidade, cando levamos catro anos precisamente pedindo de Defensa — neste Pleno municipal, os grupos da oposición— que Defensa ceda terreos ao Concello para vivenda e equipamentos sociais. Co cal, quere dicir que si que os había e que si que os sigue habendo, e que esperamos que se concrete nos vindeiros meses.

Gracias.

Presidencia

Moitas grazas.

Segunda pregunta do Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

Segunda. Pregunta de resposta oral sobre o grao de cumprimento das mocions relativas a atención ás necesidades dos barrios.

Señor Jorquera Caselas

Grazas.

Nas miñas intervencións anteriores, cando me despedín personalizadamete de cada un dos membros da actual Corporación que xa sabemos que, pase o que pase o 28 de maio, non estarán na vindeira Corporación, reparé en que non mencionei á señora Esperanza Peñalosa, e tamén lle desexo basicamente o mellor.

Que valoración fai o Goberno local do grao de cumprimento das distintas mocions aprobadas neste mandato relativas á atención ás necesidades dos barrios?

En todo caso, también comentar que me parece llamativo que se hable ahora de las viviendas, de las propiedades, de Defensa; que se niegue que puedan existir propiedades de Defensa sujetas a esta propuesta que anunció el presidente del Gobierno en la ciudad, cuando llevamos cuatro años precisamente pidiendo de Defensa —en este Pleno municipal, los grupos de la oposición— que Defensa ceda terrenos al Ayuntamiento para vivienda y equipamientos sociales. Con lo cual, quiere decir que sí que los había y que sí que los sigue habiendo, y que esperamos que se concrete en los próximos meses.

Gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

Segunda pregunta del Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre el grado de cumplimiento de las mociones relativas a atención a las necesidades de los barrios.

Señor Jorquera Caselas

Gracias.

En mis intervenciones anteriores, cuando me despedí personalizadamete de cada uno de los miembros de la actual Corporación que ya sabemos que, pase lo que pase el 28 de mayo, no estarán en la próxima Corporación, reparé en que no mencioné a la señora Esperanza Peñalosa, y también le deseo básicamente lo mejor.

¿Qué valoración hace el Gobierno local del grado de cumplimiento de las distintas mociones aprobadas en este mandato relativas a la atención a las necesidades de los barrios?



Ás dezaseis horas e corenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Señora Sobral Cabanas

O balance que fai este Goberno municipal é bo. Tendo en conta todo o traballo que se realizou neste mandato, esta valoración non podería ser de outra forma.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora concelleira.

No Pleno de xaneiro de 2023 aprobouse unha moción do BNG na que se instaba ao Goberno local a negociar coa Deputación Provincial, titular das estradas DP-3004 e DP-512, a implantación nestas vías das medidas destinadas a reducir e calmar o tráfico e aumentar a seguridade dos peóns, contemplando mesmo a prohibición do tránsito de camións. Tamén se contemplaba, na negociación coa Deputación Provincial, a solicitude de cesión ao Concello destas estradas, por seren vías de características urbanas. Esta solicitude xa a tiñamos plantexado en outras iniciativas presentadas ao longo do mandato. Non nos consta que se fixese nada, como tampouco se avanzou no resto das actuacións contempladas nesta moción para mellorar a seguridade e a accesibilidade no sistema viario dos núcleos do Birloque, O Martinete e Someso.

É simplemente un exemplo. Ao longo deste mandato presentamos iniciativas relativas a todos os barrios da nosa cidade, e mocións específicas relativas ás necesidades do Orzán, A Silva e Cances, A Gaiteira, O Montañón e Os Castros, Barrio das Flores, Novo Mesoiro, Casas

A las dieciséis horas y cuarenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Señora Sobral Cabanas

El balance que hace este Gobierno municipal es bueno. Teniendo en cuenta todo el trabajo que se realizó en este mandato, esta valoración no podría ser de otra forma.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora concejala.

En el Pleno de enero de 2023 se aprobó una moción del BNG en la que se instaba al Gobierno local a negociar con la Diputación Provincial, titular de las carreteras DP-3004 y DP-512, la implantación en estas vías de las medidas destinadas a reducir y calmar el tráfico y aumentar la seguridad de los peatones, contemplando incluso la prohibición del tránsito de camiones. También se contemplaba, en la negociación con la Diputación Provincial, la solicitud de cesión al Ayuntamiento de estas carreteras, por ser vías de características urbanas. Esta solicitud ya la habíamos planteado en otras iniciativas presentadas a lo largo del mandato. No nos consta que se hiciera nada, como tampoco se avanzó en el resto de las actuaciones contempladas en esta moción para mejorar la seguridad y la accesibilidad en el sistema viario de los núcleos del Birloque, O Martinete y Someso.

Es simplemente un ejemplo. A lo largo de este mandato presentamos iniciativas relativas a todos los barrios de nuestra ciudad, y mociones específicas relativas a las necesidades del Orzán, A Silva y Cances, A Gaiteira, O Montañón y Os Castros, Barrio de las Flores, Novo



de Franco, Agra do Orzán, Elviña... E así podíamos seguir. Todas foron aprobadas, pero na maioría dos casos as demandas contempladas nestas mocións seguen sen ser atendidas, como aconteceu tamén coas mocións presentadas por outros grupos e que foron aprobadas en Pleno.

Pero quero facer unha mención especial á moción relativa á problemática dos barrios dos Mallos e Sagrada Familia aprobada en outubro de 2021. Foi unha moción para dar resposta desde o Concello á situación e clima social que se vivía neses barrios. Naceu dunha iniciativa do BNG, pero foi asinada por todos os grupos e todos os grupos fixeron achegas. Propúñanse liñas de actuación para dar resposta aos problemas destes barrios desde unha perspectiva integral, con medidas en materia urbanística, de vivenda, mobilidade, seguridade, políticas sociais, dinamización sociocultural, revitalización comercial. Medidas que poderían ser tamén de aplicación á maioría dos barrios da nosa cidade. A maioría non se executaron. Creo sinceramente que é o resumo do mandato. Efectivamente, ao longo do mandato no Pleno do Concello adoptáronse moitos acordos por unanimidade ou por amplísima maioría. O problema é que a maioría dos acordos non se materializaron.

No noso contacto coa veciñanza e nas nosas visitas aos barrios, constatamos que hai preocupacións que son compartidas en toda a cidade: déficit de mantemento de praza, rúas, parques e xardíns; de limpeza; necesidades en materia de mobilidade, accesibilidade e rehabilitación, que seguen sen ser resoltas; esmorecemento do comercio de barrio e certo sentimento de esquecemento, de desatención no día a día.

Mesoiro, Casas de Franco, Agra del Orzán, Elviña... Y así podríamos seguir. Todas fueron aprobadas, pero en la mayoría de los casos las demandas contempladas en estas mociones siguen sin ser atendidas, como ocurrió también con las mociones presentadas por otros grupos y que fueron aprobadas en Pleno.

Pero quiero hacer una mención especial a la moción relativa a la problemática de los barrios de Os Mallos y Sagrada Familia aprobada en octubre de 2021. Fue una moción para dar respuesta desde el Ayuntamiento a la situación y clima social que se vivía en esos barrios. Nació de una iniciativa del BNG, pero fue firmada por todos los grupos y todos los grupos hicieron aportaciones. Se proponían líneas de actuación para dar respuesta a los problemas de estos barrios desde una perspectiva integral, con medidas en materia urbanística, de vivienda, movilidad, seguridad, políticas sociales, dinamización sociocultural, revitalización comercial. Medidas que podrían ser también de aplicación a la mayoría de los barrios de nuestra ciudad. La mayoría no se ejecutaron. Creo sinceramente que es el resumen del mandato. Efectivamente, a lo largo del mandato en el Pleno del Ayuntamiento se adoptaron muchos acuerdos por unanimidad o por amplísima mayoría. El problema es que la mayoría de los acuerdos no se materializaron.

En nuestro contacto con el vecindario y en nuestras visitas a los barrios, constatamos que hay preocupaciones que son compartidas en toda la ciudad: déficit de mantenimiento de plaza, calles, parques y jardines; de limpieza; necesidades en materia de movilidad, accesibilidad y rehabilitación, que siguen sin ser resueltas; destrucción del comercio de barrio y cierto sentimiento de olvido, de desatención en el día a día.



Por moito que esteamos en precampaña, creo que sería inxusto se non recoñecese que se fixeron cousas, pero a noso ver totalmente insuficientes e creo que sería inxusto se non recoñecese que vostede foi unha concelleira accesíbel e con dedicación aos barrios. O problema é que logo as decisións non dependían de vostede —na súa área e en tantas outras— e creo que iso tamén é o resumo do mandato.

Moitas grazas.

Señora Sobral Cabanas

Gracias.

Bueno, sobre o primeiro que apuntaba, do barrio do Martinete, contarlle que recentemente estivemos alí cos representantes veciñais e tamén con representantes da Deputación, precisamente para avanzar en iso que comentaba.

Dende o Goberno de Inés Rey tratouse de dar resposta ás demandas das distintas asociacións de veciños de forma áxil e eficaz. Estas van máis aló das propostas que traen os distintos grupos municipais aos plenos. A xestión deste Goberno consiste fundamentalmente na escoita activa, percorrendo cada rincón da nosa cidade, e no traballo codo con codo cos representantes veciñais e tamén con veciños e veciñas que quixeron facer achegas das súas necesidades para construír un proxecto de cidade que vai moito máis aló dos catro anos.

O cumprimento dos acordos alcanzados nos plenos, se ben son importantes, por suposto, non poden ser o único baremo que se utilice para medir a calidade da xestión do Goberno municipal nas súas

Por mucho que estemos en precampaña, creo que sería injusto si no reconociera que se hicieron cosas, pero a nuestro modo de ver totalmente insuficientes y creo que sería injusto si no reconociera que usted fue una concejala accesible y con dedicación a los barrios. El problema es que luego las decisiones no dependían de usted —en su área y en tantas otras— y creo que eso también es el resumen del mandato.

Muchas gracias.

Señora Sobral Cabanas

Gracias.

Bueno, sobre lo primero que apuntaba, del barrio del Martinete, contarle que recientemente estuvimos allí con los representantes vecinales y también con representantes de la Diputación, precisamente para avanzar en eso que comentaba.

Desde el Gobierno de Inés Rey se trató de dar respuesta a las demandas de las distintas asociaciones de vecinos de forma ágil y eficaz. Estas van más allá de las propuestas que traen los distintos grupos municipales a los plenos. La gestión de este Gobierno consiste fundamentalmente en la escucha activa, recorriendo cada rincón de nuestra ciudad, y en el trabajo codo con codo con los representantes vecinales y también con vecinos y vecinas que quisieron hacer aportaciones de sus necesidades para construir un proyecto de ciudad que va mucho más allá de los cuatro años.

El cumplimiento de los acuerdos alcanzados en los plenos, si bien son importantes, por supuesto, no pueden ser el único baremo que se utilice para medir la calidad de la gestión del Gobierno



políticas de barrios, tendo en conta — como xa contou vostede tamén— que moitas das propostas que aquí se trouxeron implicaban unha transformación e reestruturación total dos barrios, para o cal se necesita bastante máis de catro anos.

En todo caso, o Goberno de Inés Rey ten un proxecto de cidade sólido, un proxecto de cidade de futuro no que seguiremos traballando. Este foi o Goberno da escoita activa, o Goberno do diálogo, o Goberno do consenso, e o resultado é unha cidade máis humana, máis verde, máis sostible e máis accesible.

Unha boa mostra disto son os preto de 75 millóns de euros investidos nos diferentes barrios da cidade. 3.643 papeleiras colocadas por toda Coruña; 25.000 pintadas eliminadas; 10.309 contedores repartidos por toda a cidade; 180.000 novas plantas e arbustos plantados; 75.000 metros cadrados máis de zonas verdes.

Antes de que acabe o mandato haberá 45 estacións de BiciCoruña en funcionamento e máis de 1.500 bancos novos nas rúas; 55.000 metros cadrados de espazos gañados para a veciñanza, aos que hai que sumarlle os 35.000 da rolda peonil.

Culminouse a apertura de novos espazos, como as naves do Metrosidero, o Remanso, o deportivo do Castrillón, a pista de patinaxe e o corredor verde de Novo Mesoiro, o mercado de Durmideiras.

Isto non é máis que unha pequena mostra de todas as actuacións acometidas ao longo deste mandato, teñan pasado ou non por este Pleno. Sería pouco ambicioso pola nosa parte facer política reactiva, escoitando unicamente unha vez

municipal en sus políticas de barrios, teniendo en cuenta —como ya contó usted también— que muchas de las propuestas que aquí se trajeron implicaban una transformación y reestructuración total de los barrios, para lo cual se necesita bastante más de cuatro años.

En todo caso, el Gobierno de Inés Rey tiene un proyecto de ciudad sólido, un proyecto de ciudad de futuro en el que seguiremos trabajando. Este fue el Gobierno de la escucha activa, el Gobierno del diálogo, el Gobierno del consenso, y el resultado es una ciudad más humana, más verde, más sostenible y más accesible.

Una buena muestra de esto son los cerca de 75 millones de euros invertidos en los diferentes barrios de la ciudad. 3.643 papeleras colocadas por toda Coruña; 25.000 pintadas eliminadas; 10.309 contenedores repartidos por toda la ciudad; 180.000 nuevas plantas y arbustos plantados; 75.000 metros cuadrados más de zonas verdes.

Antes de que acabe el mandato habrá 45 estaciones de BiciCoruña en funcionamiento y más de 1.500 bancos nuevos en las calles; 55.000 metros cuadrados de espacios ganados para el vecindario, a los que hay que sumar los 35.000 de la ronda peatonal.

Se culminó la apertura de nuevos espacios, como las naves del Metrosidero, el Remanso, el deportivo del Castrillón, la pista de patinaje y el corredor verde de Novo Mesoiro, el mercado de Durmideiras.

Esto no es más que una pequeña muestra de todas las actuaciones acometidas a lo largo de este mandato, hayan pasado o no por este Pleno. Sería poco ambicioso por nuestra parte hacer política reactiva, escuchando únicamente una vez al mes las



ao mes as propostas e peticións que nos achegan os demais grupos municipais, a meirande parte das cales xa tiñamos coñecemento delas, e nunha porcentaxe importante xa estaban sendo atendidas polas diferentes áreas.

Sen embargo, non sería xusto non poñer en valor e agradecer, por suposto, todas as aportacións traídas, debatidas e aprobadas neste Salón de Plenos. Cumprimos co que se puido cumprir, con gran parte do difícil e incluso con moitas cousas improbables. Para o imposible, que tamén o faremos, imos necesitar algo máis de tempo.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Sobral.

Terceira e última pregunta do BNG.
Señora Veira.

Terceira. Pregunta de resposta oral sobre acordos plenarios e memoria democrática.

Señora Veira González

Si. Concédelle este Goberno municipal a máis mínima importancia aos acordos plenarios e á memoria democrática?

Señor Celemín Santos

Grazas, señora alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos.

Pois si, concedémoslle toda a importancia que merece.

Señora Veira González

Grazas.

propuestas y peticiones que nos presentan los demás grupos municipales, la mayor parte de las cuales ya teníamos conocimiento de ellas, y en un porcentaje importante ya estaban siendo atendidas por las diferentes áreas.

Sin embargo, no sería justo no poner en valor y agradecer, por supuesto, todas las aportaciones traídas, debatidas y aprobadas en este Salón de Plenos. Cumplimos con lo que se pudo cumplir, con gran parte de lo difícil e incluso con muchas cosas improbables. Para lo imposible, que también lo haremos, vamos a necesitar algo más de tiempo.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Sobral.

*Tercera y última pregunta del BNG.
Señora Veira.*

Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre acuerdos plenarios y memoria democrática.

Señora Veira González

Si ¿Le concede este Gobierno municipal la más mínima importancia a los acuerdos plenarios y a la memoria democrática?

Señor Celemín Santos

Gracias, señora alcaldesa. Buenas tardes a todas y a todos.

Pues sí, le concedemos toda la importancia que merece.

Señora Veira González

Gracias.



Ben, pois preguntámoslle isto ao Goberno local porque case dous anos despois de que trouxésemos a Pleno a proposta de outorgarlles a Ibrahima e Magatte o título de fillos adoptivos da Coruña e máis dun ano despois de que se aprobase na Comisión de Honras e Distincións, na que todos estabamos de acordo en honrar a quen tiña todo por perder e xusto foi quen reaccionou e tentou socorrer a Samuel Luiz, parece que segue sen se lles conceder o título de fillos adoptivos, e non parece haber explicación lóxica ningunha. Desgrazadamente, a única explicación que nos queda é a propia deixadez ou ausencia de vontade do Goberno municipal, do mesmo xeito que a este a este Goberno local lle faltou vontade política para convocar o Consello da Memoria Democrática, tal e como lle vén ademais de solicitar a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica, e tal e como este mesmo grupo municipal solicitou en reiteradas ocasións. Un consello que se reuniu en un par de ocasións neste mandato, ao que non lle fixeron absolutamente nin caso, nin sequera para atender os propios encargos encomendados ou os grupos de traballo que se constituíron.

E non é que non haxa cousas que facer en materia de memoria democrática: puido haber avances na retirada de nomes de rúas relacionadas co franquismo; púidose eliminar a simboloxía franquista. Hai que facer memoria co que aconteceu na propia cidade desde 1936. Púidose honrar a memoria e restablecer a dignidade de quen foi asasinado ou asasinada por defender a democracia, represaliada e logo invisibilizada, como foron os cargos públicos, as traballadoras, os traballadores municipais, mulleres. Xa se podía estar traballando na solicitude de lugares de memoria democrática da cidade en aplicación da nova lei. Podían

Bien, pues le preguntamos esto al Gobierno local porque casi dos años después de que trajésemos a Pleno la propuesta de otorgarles la Ibrahima y Magatte el título de hijos adoptivos de A Coruña y más de un año después de que se aprobara en la Comisión de Honores y Distinciones, en la que todos estábamos de acuerdo en honrar a quien tenía todo por perder y justo fue quien reaccionó e intentó socorrer a Samuel Luiz, parece que sigue sin concedérseles el título de hijos adoptivos, y no parece haber explicación lógica alguna. Desgraciadamente, la única explicación que nos queda es la propia dejadez o ausencia de voluntad del Gobierno municipal, del mismo modo que a este Gobierno local le faltó voluntad política para convocar el Consejo de la Memoria Democrática, tal y como le viene además solicitando la Comisión para la Recuperación de la Memoria Histórica, y tal y como este mismo grupo municipal solicitó en reiteradas ocasiones. Un consejo que se reunió en un par de ocasiones en este mandato, al que no le hicieron absolutamente ni caso, ni siquiera para atender a los propios encargos encomendados o los grupos de trabajo que se constituyeron.

Y no es que no haya cosas que hacer en materia de memoria democrática: pudo haber avances en la retirada de nombres de calles relacionadas con el franquismo; se pudo eliminar la simbología franquista. Hay que hacer memoria con lo que sucedió en la propia ciudad desde 1936. Se pudo honrar la memoria y restablecer la dignidad de quien fue asesinado o asesinada por defender la democracia, represaliada y luego invisibilizada, como fueron los cargos públicos, las trabajadoras, los trabajadores municipales, mujeres. Ya se podía estar trabajando en la solicitud de lugares de memoria democrática de la ciudad en



estar traballando nesta liña.

E por certo, non quero despedir o mandato sen volverlles preguntar ¿Presentaron xa a demanda pola Casa Cornide? Sería de supoñer que con tanto tempo que tiveron agardando pola declaración de ben de interese cultural, cando menos o documento da demanda estaría redactado, non?

A ver se nos pode contestar, señor Celemín. Ás tres cousas, eh?

Grazas.

Señor Celemín Santos

Imos ver, señora Veira, que a vexo un pouco negativa. Hai que ter o pulso un pouco máis fino. E dígollo ademais porque a memoria democrática é un dos eixos fundamentais do Partido Socialista, que foi o único en promulgar dúas leis a nivel nacional e o primeiro en crear unha concellaría específica en Galicia.

Vouna ilustrar, ilústroa, o que fixemos ao longo de catro anos de mandato, xa que o BNG non foi tampouco asiduo tampouco nestes actos de memoria democrática. Vou facer un relato breve.

Seis grandes exposicións sobre a represión franquista, arte, exilio, transición e outros temas de grande relevancia para o recordo e a difusión dos valores democráticos; o desenvolvemento de nove publicacións e tres grandes ciclos de conferencias a nivel nacional grazas á colaboración coa Universidade Nacional de Educación a Distancia. Todo iso co apoio dos máis relevantes especialistas no estudo da memoria e a arte contemporánea, e que despois divulgamos libremente a través

aplicación de la nueva ley. Podían estar trabajando en esta línea.

Y por cierto, no quiero despedir el mandato sin volver a preguntarles ¿Han presentado ya la demanda por la Casa Cornide? Sería de suponer que con tanto tiempo que tuvieron esperando por la declaración de bien de interés cultural, cuando menos el documento de la demanda estaría redactado ¿no?

A ver si nos puede contestar, señor Celemín. A las tres cosas, ¿eh?

Gracias.

Señor Celemín Santos

Vamos a ver, señora Veira, que la veo un poco negativa. Hay que tener el pulso un poco más fino. Y se lo digo además porque memoria la democrática es uno de los ejes fundamentales del Partido Socialista, que ha sido el único en promulgar dos leyes a nivel nacional y el primero en crear una concejalía específica en Galicia.

Le voy a ilustrar, le ilustro, lo que hemos hecho a lo largo de cuatro años de mandato, ya que el BNG no ha sido tampoco asiduo tampoco en estos actos de memoria democrática. Le voy a hacer un relato breve.

Seis grandes exposiciones sobre la represión franquista, arte, exilio, transición y otros temas de gran relevancia para el recuerdo y la difusión de los valores democráticos; el desarrollo de nueve publicaciones y tres grandes ciclos de conferencias a nivel nacional gracias a la colaboración con la Universidad Nacional de Educación a Distancia. Todo ello con el apoyo de los más relevantes especialistas en el estudio de la memoria y el arte contemporáneo, y que después hemos divulgado libremente a través de nuestros



das nosas canles de vídeo e web, facilitando a accesibilidade da información de todo tipo de público.

Catro anos nos que se reforzou o apoio municipal ás asociacións memorialísticas a través do convenio, que permitiron a estas, seguindo os seus propios criterios, puideron desenvolver actividades e iniciativas libremente, tal e como merece o respecto á liberdade de expresión, que a nosa alcaldesa respectou todas as opinións e pareceres.

Catro anos cheos de homenaxes a María Casares, filla do ilustre Santiago Casares Quiroga; ás vítimas dos campos de concentración nazi, cuxo destino moi poucos de vostedes coñecían ata o momento.

Catro anos nos que pechamos temas pendentes, como a creación da posta en marcha do punto de atención ás vítimas do franquismo e aos seus familiares, e á Cátedra de Memoria Histórica da Universidade da Coruña.

Catro anos nos que o noso compromiso coa recuperación do patrimonio roubado polo franquismo quedou máis que patente, como o nomeamento dun historiador e representante municipal ante a comisión da recuperación do pazo de Meirás, que trasladou o apoio da Coruña, ademais de achegar documentación valiosa para a recuperación do pazo.

E que quere que lle diga? Permítame que... Se cadra todo isto o descoñecía, porque tampouco se achegaba vostede a participar en todos estes acontecementos. Eu sei que tamén lles doeu, ao seu grupo e a vostede, é que o Goberno socialista de Inés Rey en catro anos de mandato, cun traballo serio e profesional e non con esas prácticas

canales de vídeo y web, facilitando la accesibilidad de la información de todo tipo de público.

Cuatro años en los que se ha reforzado el apoyo municipal a las asociaciones memorialísticas a través del convenio, que han permitido a estas, siguiendo sus propios criterios, han podido desarrollar actividades e iniciativas libremente, tal y como merece el respeto a la libertad de expresión, que nuestra alcaldesa ha respetado todas las opiniones y pareceres.

Cuatro años llenos de homenajes a María Casares, hija del ilustre Santiago Casares Quiroga; a las víctimas de los campos de concentración nazi, cuyo destino muy pocos de ustedes conocían hasta el momento.

Cuatro años en los que cerramos temas pendientes, como la creación de la puesta en marcha del punto de atención a las víctimas del franquismo y a sus familiares, y a la Cátedra de Memoria Histórica de la Universidade de A Coruña.

Cuatro años en los que nuestro compromiso con la recuperación del patrimonio robado por el franquismo ha quedado más que patente, como el nombramiento de un historiador y representante municipal ante la comisión de la recuperación del pazo de Meirás, que ha trasladado el apoyo de A Coruña, además de aportar documentación valiosa para la recuperación del pazo.

¿Y qué quiere que le diga? Permítame que... A lo mejor todo esto lo desconocía, porque tampoco se acercaba usted a participar en todos estos acontecimientos. Yo sé que también les ha dolido, a su grupo y a usted, es que el Gobierno socialista de Inés Rey en cuatro años de mandato, con un trabajo serio y profesional y no con esas prácticas habituales, a veces de algaradas,



habituais, ás veces de algaradas, nas que vostedes só buscan a publicidade electoralista, pero non chegan a resultado ningún. Porque mira que nos teñen aburrindo coas mocións da Casa Cornide, pero nin unha proposta, nin unha liña de actuación, ningunha achega rigorosa, só esixencias e proclamas. Nós, por medio de informes sólidos e científicos, conseguimos a declaración BIC da Casa Cornide, e abrírase a casa a toda a cidadanía, algo que ninguén conseguiu en corenta anos que levamos de democracia. Nin sequera vostedes. Agora virá a demanda completa para reclamar, tanto o exterior, e do interior, para non cometer os mesmos erros que en Meirás.

Señora Veira, un pouco menos de pose non viría mal, eh? Debemos traballar na mesma dirección en memoria democrática, que é o que espera a cidadanía de vostedes.

E xa para rematar —se me permite, señora alcaldesa, xa que estamos a rematar o mandato—, quereda facer un... dicir unhas palabras, sobre todo de gratitude. Darlles as grazas a todos vostedes e desexarlles sorte a todas as persoas que de algún xeito nos relacionamos ao longo de catro anos. Isto non o entendan como unha despedida, nin moito menos, porque como dicía o humorista Jorge Alberto Rípoli, máis coñecido como Joe Rípoli, dicía: Eu sigo. E eu sigo alá onde o destino marque o meu camiño.

Quero dar as grazas á alcaldesa polo seu apoio constante; grazas a esta cidade da Coruña e á súa cidadanía, que me permitiu traballar por ela, e para min foi un orgullo e unha honra.

Moitas grazas.

en las que ustedes solo buscan la publicidad electoralista, pero no llegan a resultado ninguno. Porque mira que nos habrán aburrido con las mociones de la Casa Cornide, pero ni una propuesta, ni una línea de actuación, ninguna aportación rigurosa, solo exigencias y proclamas. Nosotros, por medio de informes sólidos y científicos, hemos conseguido la declaración BIC de la Casa Cornide, y se abrirá la casa a toda la ciudadanía, algo que nadie ha conseguido en cuarenta años que llevamos de democracia. Ni siquiera ustedes. Ahora vendrá la demanda completa para reclamar, tanto el exterior, y del interior, para no cometer los mismos errores que en Meirás.

Señora Veira, un poco menos de postureo no vendría mal ¿eh? Debemos trabajar en la misma dirección en memoria democrática, que es lo que espera la ciudadanía de ustedes.

Y ya para terminar —si me permite, señora alcaldesa, ya que estamos acabando el mandato—, quisiera hacer un... decir unas palabras, sobre todo de gratitud. Darles las gracias a todos ustedes y desearles suerte a todas las personas que de alguna manera hemos interactuado a lo largo de cuatro años. Esto no lo entiendan como una despedida, ni mucho menos, porque como decía el humorista Jorge Alberto Rípoli, más conocido como Joe Rípoli, decía: Yo sigo. Y yo sigo allá donde el destino marque mi camino.

Quiero dar las gracias a la alcaldesa por su apoyo constante; gracias a esta ciudad de A Coruña y a su ciudadanía, que me ha permitido trabajar por ella, y para mí ha sido un orgullo y un honor.

Muchas gracias.



Presidencia

